



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 e-mail: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

NOTA DE INTERESE

NOVAS MEDIDAS PARA FACER FRONTE Á PANDEMIA DO COVID-19.

O Concello de Santa Comba INFORMA a todos os veciños e veciñas que se endurecen as medidas de confinamento en España para intentar minimizar o avance dos contaxios por coronavirus.

O Consello de Ministros de España aprobou este domingo 29 de marzo de 2020, o Real Decreto-lei 10/2020, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da cidadanía no contexto da loita contra o COVID-19.

O presente real decreto-lei, que regula o permiso retribuído recuperable para o persoal laboral por conta allea, que será de carácter obrigatorio e limitado no tempo, entre os días 30 de marzo e o 9 de abril de 2020 (ambos os dous incluídos), para todo o persoal laboral por conta allea que preste servizos en empresas ou entidades do sector público ou privado que desenvolven as actividades non esenciais cualificadas como tal o anexo da mencionada norma.

As empresas que se manteñan en funcionamento mediante o teletraballo non están afectadas por este parón de actividade. Tampouco estarán afectadas por este parón as persoas contratadas por aquelas empresas que teñan solicitado ou autorizado ou estén aplicando un expediente de regulación de emprego de suspensión durante a vixencia do permiso previsto neste real decreto-lei e as persoas traballadoras que se atopen de baixa por incapacidade temporal ou cuxo contrato esté suspendido por outras causas legais.

Con estas novas medidas preténdese acadar que a maior parte da poboación activa permaneza nos seus fogares durante as vindeiras xornadas, evitando todo tipo de desprazamentos, para dese xeito axudar a diminuír a mobilidade e o contacto entre persoas e así axudar a conter a pandemia do COVID-19.

Durante este período de tempo, as persoas traballadoras que teñan recoñecido un permiso retribuído recuperable quedarán exoneradas de prestar os seus servizos, e conservarán o dereito á retribución que lles correspondería no caso de estar prestando servizos con carácter ordinario, incluíndo salario base e complementos salariais. Posteriormente recuperarán as horas non traballadas, podendo facelo dende o día seguinte á finalización do estado de alarma ata o 31 de decembro de 2020.

No Real Decreto-lei, concréntanse as persoas ás que non se lle aplicará o permiso retribuído recuperable, que son as persoas traballadoras que desenvolven actividades que se consideren ESENCIAIS.

As actividades consideradas esenciais e cuxos/as traballadores/as non se ven afectados por esta medida son:

Sanidade e servizos sociais

- O persoal sanitario.
- As persoas traballadoras dos centros, servizos e establecementos sanitarios, así como as que atendan a maiores, persoas dependentes ou persoas con discapacidade, as persoas que traballen en empresas, entidades e centros de investigación nos que se están desenvolvendo proxectos relacionados co COVID 19.

- As persoas traballadoras de empresas de servizos esenciais relacionados coa protección e atención de vítimas de violencia de xénero.
- As autoridades civís responsables da saúde pública e os empregados que presten servizos en dito ámbito, así como aqueles outros relacionados directa ou indirectamente coa xestión da emerxencia sanitaria.
- As persoas traballadoras nos Centros de Acolida a Refuxiados e nos Centros de Estancia Temporal de Inmigrantes e as entidades públicas de xestión privada subvencionadas pola Secretaría de Estado de Migracións e que operan no marco da Protección Internacional e de Atención Humanitaria.

Alimentación

- Establecementos comerciais minoristas de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade.
- Os establecementos de hostelería e restauración poderán seguir activos como ata agora, só para entregas a domicilio

Farmacia e hixiene

- Establecementos farmaceuticos, sanitarios, centros ou clínicas veterinarias, ópticas e produtos ortopédicos e hixiénicos.
- Tintorerías, lavanderías e o exercicio profesional da actividade de perrucarías a domicilio por causas debidamente xustificadas.

Banca e seguros

- Persoas traballadoras de empresas de servizos financeiros ou de seguros para a prestación de servizos que sexan indispensables e as actividades propias das infraestruturas de pagos e dos mercados financeiros.

Prensa

- Persoas que prestan servizos en puntos de venda de prensa e en medios de comunicación ou axencias de noticias de titularidade pública e privada, así como na súa impresión ou distribución. Os kioscos permanecerán abertos.

Gasolineiras e estancos

- Combustible para a automoción.
- Estancos.

Tecnolóxicas e Informáticas

- Empresas de telecomunicacións e audiovisuais e de servizos informáticos esenciais, así como aquelas redes e instalacións que os soportan e os sectores ou subsectores necesarios para o seu correcto funcionamento, especialmente aqueles que resulten imprescindibles para a axeitada prestación dos servizos públicos, así como o funcionamento do traballo non presencial dos empregados públicos.

Xustiza

- Abogados, procuradores, graduados sociais, tradutores, intérpretes e psicólogos que presten asistencia no ámbito da Administración de Xustiza, poderán seguir exercendo a súa actividade profesional para asegurar os servizos mínimos.
- As persoas que presten servizos en notarías e rexistros para o cumprimento dos servizos esenciais fixados pola Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública.

Transportes

- Transporte de mercancías en todo o territorio nacional, co obxecto de garantir o abastecemento e a entrega de produtos adquiridos no comercio por Internet, telefónico ou correspondencia.
- As do operador designado polo Estado para prestar o servizo postal universal, co fin de prestar os servizos de recollida, admisión, transporte, clasificación, distribución e entrega aos exclusivos efectos de garantir dito servizo postal universal.
- Mantense o transporte de mercancías en todo o territorio nacional, co obxecto de garantir o abastecemento.

Seguridade

- Forzas e Corpos de Seguridade
- Persoal que presta servizos en Institucións Penitenciarias
- Persoal dos servizos de Protección Civil, Salvamento Marítimo, Salvamento, prevención e extinción de incendios, tráfico e seguridade vial e seguridade das minas.
- Forzas Armadas
- Persoal de seguridade privada
- Traballadores de defensa

Limpeza

- As persoas traballadoras que presten servizos de limpeza, mantemento, reparación de avarías urxentes e vixilancia, así como que presten servizos en materia de recollida, xestión e tratamento de residuos perigosos, así como de residuos sólidos urbanos, perigosos ou non perigosos, recollida e tratamento de augas residuais, actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos e transporte e retirada de subprodutos ou en calquera das entidades pertencentes ao Sector Público.

Servizos funerarios

- Persoas traballadoras dos servizos funerarios, así como da construción de nichos e outras actividades conexas.

Servizos legais

- As persoas traballadoras que presten servizos en xestorías administrativas e de graduados sociais, asesorías, despachos profesionais, servizos axenos e propios de prevención de riscos laborais, en cuestións urxentes.

Sectores críticos

- Os traballadores que sexan necesarios para garantir o servizo aduaneiro.
- Aqueles que sexan necesarios para garantir a subministración de enerxía eléctrica, produtos derivados do petróleo e gas natural.

Industria

- Os sectores de fabricación de medicamentos e farmacia.
- Do sector de alimentación e bebidas.
- Os produtores de bens de equipo e os sectores da cadea de valor de fabricación de todo tipo de tecnoloxía sanitaria, material médico, equipos de protección, equipamento sanitario e hospitalario. Sectores ou subsectores que participen na importación e suministro de material sanitario.
- As persoas traballadoras en actividades de abastecemento, depuración, conducción, potabilización e saneamento de auga.

Outros

- Alimentos para animais de compañía.
- As que sexan indispensables para a provisión de servizos meteorolóxicos de predicción.
- Mantense os operadores críticos de servizos esenciais previstos na Lei 8/2011, de 28 de abril.

A Orde SND/307/2020, de 30 de marzo, pola que se establecen os criterios interpretativos para a aplicación do Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, deixa fóra do ámbito de aplicación, as persoas traballadoras por conta propia. De xeito, que **os autónomos que desenvolvan actividades que non fosen suspendidas polas medidas de contención previstas no Real decreto 463/2020, de 14 de marzo e o resto das normas que o desenvolvan, poden continuar prestando os seus servizos normalmente.**

Así mesmo tamén quedan excluídas do Real Decreto Lei, a actividade sindical e a actividade das asociacións empresariais.

Esta Orde facilita un modelo de declaración responsable na que se indique que a persoa traballadora portadora do mesmo pode continuar realizando desprazamentos ao seu lugar de traballo ou de desenvolvemento da súa actividade de representación sindical ou empresarial, que se pode descargar premendo a ligazón que está ao pé deste AVISO.

Santa Comba, 1 de abril de 2020

O Alcalde,

David Barbeira García